

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIAS E SOCIOS DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2022

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado,
D^a. Concepción Losada Vázquez, vicepresidenta 1^a do Padroado,
D. Lino Lema Bouzas, tesoureiro do Padroado,
Asociación Cultural La Montañesa,
D^a. María del Carmen Alborés Maceiras,
D. Álvaro Arizaga Castro,
D^a. María José Bóveda Fernández,
D. J. David Conde Lourido,
D^a. Esperanza Delgado Rosende,
D. Carlos Fernández Rodríguez,
D. Antolín Gómez Fernández,
D. José María Laredo Cordoníe,
D. Xosé López González,
D. Luis Martul Tobío,
D. Xoán Xosé Molina Vázquez,
D. Eduardo Otero Iglesias,
D. Xulio Pardellas de Blas,
D. Xaquín Penas Patiño,
D^a. Pilar Sampedro Martínez,
D^a. Xulia Vázquez Randulfe,
D. Antón Vidal Sánchez,
D. Manuel Vilas Tubio,
D. Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez,
D. José Zambrano Casas, e
D. Francisco J. Sanjiao Otero, secretario do Padroado

DESCULPAN A AUSENCIA:

D^a. María Xosé Fernández Cerviño,
D. Francisco Alonso Toucido,
D. Iván Fernández Pérez,
Concello de Narón,
D^a. María Pardo Fernández,
D. Anxo Regueiro
D. Xesús Palmou Lorenzo

En Santiago de Compostela, a 7 de maio de 2022, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socias e socios, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencias e desculpas de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente da Asemblea quen procede a tratar a orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO 8 DE MAIO DE 2022.

En cumprimento do acordo da Asemblea Xeral celebrada o 8 de maio de 2010, a acta da Asemblea Ordinaria do 8 de maio de 2022 foi remitida en formato dixital a quen temos o seu enderezo electrónico. Aqueles socios e socias dos que non temos o seu enderezo virtual, foron

informadas no envío da convocatoria de que podían consultar a documentación complementaria na ligazón <http://www.museodopobo.gal/sites/default/files/inline-files/AXOSOC%202021.pdf>.

Apróbase a acta.

2. ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS SOCIOS E SOCIAS NO PADROADO E NO CONSELLO DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN.

En cumprimento do disposto na normativa do MPG, e do acordo adoptado na Asemblea do 8 de maio de 2021, polo que se prorrogaba un ano o mandato das representantes no Padroado e no Consello de Goberno da Asociación, a quen correspondía cesar no pasado ano, iniciouse o procedemento para a elección de cinco representantes dos socios e socias na Asemblea Xeral do Padroado.

As persoas socias representantes na Asemblea Xeral do Padroado elixidos no 2017, a quen corresponde cesar no mandato que ostentan son:

- D^a. Esperanza Delgado Rosende.
- D María del Carmen Alborés Maceiras
- D. Xoán Xosé Molina Vázquez.
- D. Fernando Pintos García.
- D. Luis Martul Tobío.

A vogal representante no Consello de Goberno a quen corresponde cesar é D^a. Esperanza Delgado Rosende.

Remitida a documentación pertinente o 25 de marzo de 2022, abriuse o prazo de presentación de candidaturas até o día 30 de abril, no que se presentaron en tempo e forma:

- D. Eduardo Otero Iglesias.
- D^a. Esperanza Delgado Rosende.
- D María del Carmen Alborés Maceiras
- D. Luis Martul Tobío.

O secretario da XR verificou que as candidaturas presentadas reúnen os requisitos establecidos no artigo 26 do Regulamento de Réxime Interno da Asociación do Padroado do Museo do Pobo Galego e figuran na lista de socios e socias elixibles, polo que procede á proclamación da mesma. Segundo o disposto no artigo 18 do Regulamento de Réxime Interno do Padroado do MPG, ao ser inferior o número de candidaturas presentadas ao número de vacantes existentes, procede a súa proclamación como representantes dos socios e socias no Padroado por 4 anos até o 2026.

Ao quedar aínda vacante 1 posto, o secretario pregunta se calquera dos presentes na Asemblea quere presentar persoalmente a súa candidatura. Preséntase :

- D. Xoán Xosé Molina Vázquez.

Ao non ser superior o número de candidaturas presentadas ao número de postos vacantes, o secretario levanta acta da elección e o presidente da Asemblea proclama como representantes de socios e socias no Padroado do MPG aos candidatos presentados.

A continuación cómpre proceder á elección de vogais representantes dos socios e socias no Consello de Goberno entre quen foron nomeados representantes. Cómpre cubrir unha praza de vogal entre as 5 persoas elixidas representantes no Padroado polo mesmo prazo de 4 anos.

Á pregunta do secretario, presentouse unha única candidatura, que foi proclamada como vogal en representación dos socios e socias no Consello de Goberno.

- D. Esperanza Delgado Rosende

3. INFORME DO CONSELLO DE GOBERNO.

D. Justo Beramendi González, presidente da Asociación e do Consello de Goberno, consonte coas súas obrigas específicas, comparece ante os socios e socias para presentar o informe enumerando o desenvolvemento da súa actividade no período transcorrido dende a Asemblea de maio de 2021.

Antes de iniciar o seu informe o presidente anuncia que esta será a última asemblea que presida, xa que o 28 deste mes cesará en la presidencia. Aproveita para expresar o seu recoñecemento e o seu profundo agradecemento a todos os socios por todo o que achegan, pola gran importancia do seu labor en apoio do Museo e porque son as raíces da presenza do museo na sociedade, en canto nos permiten ter unha presenza moi ampla no conxunto da sociedade, e confía en que seguirá sendo así no futuro.

1. Funcionamento do Padroado

Dende a asemblea do pasado mes de maio celebráronse sete Consellos de Goberno presenciais os días 30 de xuño, 14 de setembro, 19 de outubro e 23 de novembro de 2021 e 9 de febreiro, 24 de marzo e 4 de maio de 2022, así como catro Comisións Permanentes, dúas presenciais o 8 de xullo 2021 e o 31 de marzo de 2022, e dúas telemática o 31 de agosto de 2021 e o 27 de abril de 2022.

Por outra parte, o 29 de maio e 18 de decembro de 2021 tiveron lugar as preceptivas Asembleas Xerais Ordinarias do Padroado. En cumprimento dos acordos adoptados nesta última, o Consello de Goberno acordou o 24 de marzo de 2022 convocar eleccións para a súa renovación e a dos representantes de socios e socias no Padroado e no Consello de Goberno.

Neste mes de maio de 2022 cómpre, segundo os Estatutos, renovar o Consello de Goberno. Convocadas en prazo as eleccións só houbo unha candidatura que, en consecuencia será a electa na asemblea de 28 de maio e que é a seguinte:

Presidenta, D^a Concepción Losada Vázquez
Vicepresidenta 1^a, D^a María Xosé Fernández Cerviño
Vicepresidencia 2^a, Xunta de Galicia
Vicepresidencia 3^a, Concello de Santiago
Tesoureiro, D. Lino Lema Bouzas
Secretario, D. Francisco Sanjiao Otero
Vogal 1^o, D. Bieito Pérez Outeiriño
Vogal 2^o, D. Uxío Breogán Diéguez Cequiel

En canto aos vogais en representación de socios e socias, segue no seu cargo até 2024 Xulio Pardellas de Blas e acaba de ser nomeada neste acto esperanza delgado

O 14 de setembro de 2021 abriuse o prazo para a presentación de propostas de ingreso de novos membros no Padroado. Presentada en prazo a de Dona Nieves Herrero Pérez, profesora de Antropoloxía da USC, foi aprobada na asemblea de decembro por 33 votos a favor, ningún en contra, un voto en branco e dous nulos.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, primeira entidade promotora do Museo que, porén, saíra hai anos do Padroado, remitiu o pasado 4 de agosto de 2021 ao Presidente do Padroado un acordo da Xunta de Goberno deste Colexio, aprobado na súa sesión 7/2021 de 15 de xullo, atendendo a proposta da Xunta Directiva da delegación de Santiago de Compostela, no que solicitan formalmente o inicio dos trámites para obter a súa reincorporación ao noso Padroado. Dita reincorporación foi aprobada por unanimidade na asemblea de decembro.

2. Relacións institucionais

2.1. Consellaría de Cultura, Educación e Universidade

a) Reunión o 7 de outubro 2021 na Conselleira de Cultura do presidente e o tesoureiro do Padroado co conselleiro, D. Román Rodríguez González e o secretario xeral de Cultura, D. Anxo Lorenzo Suárez. Entre outros asuntos tratouse de:

Orzamentos 2022: D. Anxo Lorenzo Suárez comentou a posibilidade de facer unha terceira achega para as salas de historia. Transmitímoslle que a ampliación do Museo require ampliar tamén o persoal de vixilancia e atención ao público en tres persoas, o que implica 63.000 € mais na subvención incondicionada. Finalmente, nos orzamentos da Xunta para este ano esta partida ficou igual pero a de investimentos incrementouse en 100.000€ para continuar coas salas de historia

Fondos Next Generation: Comentou tamén D. Anxo Lorenzo a posibilidade de incluír a climatización e rehabilitacións pendentes do edificio conventual nos proxectos a presentar con cargo a eses fondos. Atendendo esta suxestión nos meses posteriores encargamos a unha empresa o proxecto e orzamentos para esa climatización é o entregamos á Xunta hai un mes. De momento non temos resposta.

b) Programa Bonos Cultura. O 11 de outubro a Consellería presentounos no Edificio Fontán o programa de bonos cultura. O 14 de outubro o Consello de Goberno acordou que o Museo se adhirese a este programa, que rematou o 31 de decembro.

2.2. Concello de Santiago.

En resposta á solicitude do alcalde de Santiago de Compostela, o Consello de Goberno acordou adhirese á proposta do carballo centenario do Bosque do Banquete de Conxo como «Candidato español a árbore europea 2022», convocado por Bosques sen Fronteiras coa colaboración do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España e a Fundación Feu Vert.

No mes de marzo recibimos un convite da empresa encargada de elaborar a Axenda Urbana de Santiago de Compostela para participar no Grupo de Impulso e Seguimento sobre Educación, Patrimonio e Arte, para que elaboren un documento de diagnose e posterior deseño de medidas estratéxicas. A vicepresidenta participou nesta reunión, se ben na mesma os convocantes non presentaron ningún diagnóstico específico nin propostas, limitáronse a realizar unha rolda de intervencións para que os distintos participantes presentaran as súas opinións. De momento non hai ningún avance concreto neste ámbito.

2.3. Outras entidades

O 31 de agosto de 2021 a Comisión Permanente acordou adhirese ao manifesto da Asociación de Amigos do Museo de Vilalba en defensa do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, ante o empeoramento da súa situación económica e o grave deterioro que sofren os seus fondos e as súas instalacións.

Tamén se acordou, por razóns de urxencia, aceptar a proposta da Coordinadora de festivais de Cinema PROXECTA de unirnos ao Pacto de Sustentabilidade da Cultura.

O 9 de febreiro de 2022 o Consello de Goberno acordou adhirese ao Manifesto de Soutomaior, aprobado o pasado Día das escritoras a proposta da Deputación de Pontevedra e da Asociación Clásicas e Modernas, aprobouse o Manifesto de Soutomaior.

O 24 de marzo aprobouse o nomeamento de D^a. María Xosé Fernández Cerviño como representante da nosa Asociación no Consello Galego de Museos.

A Fundación Moreiras: solicitou o noso apoio á Defensa de San Pedro de Rocas, que entenden ameazada polo proxecto de ampliación da estrada que a Deputación de Ourense pretende realizar no BIC San Pedro de Rocas, no tramo da estrada Esgos-Luíntra que atravesa o coto do mosteiro. O 24 de marzo o Consello de Goberno tomamos nota desta solicitude e, dadas as circunstancias e da polémica en cuestión, acordou sometela á consideración da Asemblea do Padroado do vindeiro 28 de maio.

O 24 de marzo o Consello de Goberno acordou enviar á Asociación para a defensa do Patrimonio Galego, unha carta de apoio do Museo do Pobo Galego ao seu proxecto para crear un museo ao aire libre sobre o esgrafiado na Ribeira Sacra.

3. Novas salas de Historia de Galicia

3.1. Inauguración primeiras salas de historia en edificio conventual

Sucesivos incumprimentos nos prazos de entrega, primeiro por parte da empresa que acondicionou os espazos, e despois da encargada de realizar a museografía, unidos a certas dificultades na consecución dalgúns obxectos en préstamo, obrigaron a ir adiando a inauguración, pensada primeiro para xullo, despois para o 29 de outubro, aniversario do inicio do Museo, despois para novembro. Finalmente, o 25 de xaneiro o presidente da Xunta, o alcalde de Santiago e o presidente de Padroado inauguraron as catro primeiras salas de historia (medio natural, prehistoria e cultura castrexa, Gallaecia romana, e período suevo-visigótico), que ocupan todo o lado oeste do primeiro andar do edificio conventual.

É de salientar o gran traballo feito nestes meses polo director do Museo, tanto na supervisión destes traballos e da confección de réplicas dalgunhas pezas especialmente relevantes, como nas múltiples xestións que levou a cabo con outras entidades, incluído o Arcebispado de Santiago, para a cesión de obxectos que dean maior coherencia á nosa mostra.

3.2 Continuación das salas de historia na ala sur

Neste punto comeza polos condicionantes financeiros, xa que aínda sen orzamento definitivo, a nosa previsión é que o custo aumente. Estamos sometidos a un condicionante financeiro, xa que o custo total aproximado da instalación das salas que restan é de 700.000 €.

Deste orzamento conseguimos unha achega extraordinaria da Deputación da Coruña, cun monto de 150.000 €, e outra da Xunta de Galicia de 100.000 €. Agardamos con isto afrontar en 2022 a Sala da Idade Media, e de ser posible unha parte da Idade Moderna. A partir de aquí o resto do proxecto irase realizando conforme se vaian conseguindo os fondos necesarios para proceder á súa finalización.

Xunto cos condicionantes económicos existen outros elementos que temos que considerar, se ben no conxunto é unha obra moi positiva para o museo, hai unha serie de condicionantes negativos da rehabilitación.

En primeiro lugar, ante a reiterada negativa da arquitecta responsable para abrir a porta de comunicación da nave exterior (oeste) da ala sur, que resulta claramente insuficiente para o paso de visitantes, alegando que era un elemento estrutural da obra que non podía tocarse, cando por outra parte si se fixeron determinados cambios na estrutura existente, como o cambio da escaleira anterior por outra de madeira, ou a necesaria instalación do ascensor.

Este feito imposibilita a circulación prevista é fixo necesario facer cambios na obra. A solución resulta clara retomando o que era a conexión histórica, instalando unha tarima sobre a escaleira principal que xa existía e que nalgún momento, non sabemos cando, foi retirada. Pensa que debeu facerse despois da expulsión dos dominicos, xa que nese momento necesitaban esa conexión directa, se ben ao destinarse polo concello a novos usos, xa non cumpría esa conexión. Por iso restablecer a pasarela inicial semella a solución máis axeitada.

Tomar a decisión, quen asumía os custos e como se facía, levou meses resolvelo. Houbo unha predisposición da empresa FINSA a facer esta pasarela, que se frustrou por un malentendido entre a arquitecta da empresa e a do Consorcio, que afortunadamente hoxe está superado. Está previsto que o consorcio asuma a obra e FINSA vai achegar os materiais para realizala en madeira. En principio a aprobación desta obra estaba prevista para marzo e agardamos ter a

pasarela feita despois do verán. Este cambio obrigou a cambiar a circulación destas salas, o que xa se establece no noso proxecto museográfico que hai que reformar.

Despois da reforma do proxecto museográfico orixinal. está feita no que afecta a época medieval e adxudicada a súa realización á mesma empresa que fixo as primeiras salas. Prevedemos acabar á volta do verán para continuar coa época moderna no último trimestre do ano. Agardamos malia estes problemas que a sala medieval se poida xa inaugurar neste ano.

Outro condicionante negativo, e que na reforma do consorcio instaláronse pavimentos sintéticos nas salas da ala sur no canto de tarima de madeira como nas primeiras salas. Finalmente ao no poder asumir o custo do cambio, renunciámos a instalar este pavimento nas novas salas.

O terceiro elemento negativo que si temos que resolver é que en todos os muros da ala fixeron un recubrimento dos paramentos verticais dos muros con paneis fixados con elementos metálicos á vista, que poden ser un perigo para os visitantes pois poden cortar (sobre todo a crianzas) e non podemos esquecer que o 50 % dos nosos visitantes son escolares. Por este motivo non temos máis remedio que tapar. estas pezas, asumindo o aumento do custo a nosa conta.

4. Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

O Padroado da Fundación, na súa reunión de 24 de xuño, aprobou a liquidación dos orzamentos do exercicio 2020, que remataron cun superávit que permitirá xestionar futuras actividades sen tensións no seu financiamento. Aprobou tamén a proposta para asinar un convenio entre a Fundación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que foi asinado o 17 de xullo.

A Fundación editou o libro *Na memoria dos veciños. Dispersos de Antonio Fraguas Fraguas sobre as Terras de Cotobade* e puxo en marcha do proxecto *Cóntame un conto*, elaborado por Da. Concepción Losada Vázquez. Así mesmo continuou a colaboración co programa *Proxecta+* da Xunta de Galicia para o presente curso. O libro de D. Antonio foi presentado en Cotobade o 28 de decembro.

A Asemblea do Padroado de 18 de decembro procedeu á preceptiva renovación das seguintes vogalías, nas que continuaron as mesmas persoas que as ocupaban:

Na sesión do padroado da Fundación celebrada o pasado 28 de decembro na sede administrativa de Carballedo do Concello de Cerdedo-Cotobade, aprobouse convocar a XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, para o que se remitiu á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia a proposta de bases da convocatoria. Con posterioridade asinou o convenio correspondente cunha achega de 12.000,00 €, que se destinan ao financiamento dos premios da XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, e ao peche da I edición do proxecto *Cóntame un conto*, e á apertura da II edición.

O proxecto didáctico, aberto ao centros de ensino de primaria e secundaria, remata a fin de mes a aceptación de propostas, e será fallado a remate do mes de xuño polo xurado. Os 2 centros premiados realizarán ao longo do vindeiro curso o traballo necesario para rematar cunha exposición no Museo do Pobo Galego no mes de outubro de 2023.

O proxecto *cóntame un conto*, vai rematar a primeira edición cunha gala o vindeiro 30 de maio no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Moitos dos contos elaborados pola estudantado xa poden verse en liña na páxina virtual deste proxecto.

Ademais destes programas dende a fundación seguimos participando Programa *Proxecta+* da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, e imos retomar co Concello de Cerdedo-Cotobade a realización de actividades de difusión da figura e obra de Antonio Fraguas Fraguas e dos demais persoeiros vinculados co Museo do Pobo Galego. Con tal fin imos realizar en xuño una actividade presencial no Centro Cultural do concello en Carballedo, que leva o nome de D. Antonio.

Por último destacamos que, en resposta á solicitude de varias persoas socias, vimos de editar con fondos propios 500 exemplares do libro Os animais de Fraguas, do que se esgotara a primeira edición. Malia o gran aumento dos custos de edición, e grazas á xenerosidade de Kiko da Silva e de Miguelanxo Prado, puidemos manter o prezo de venda, 18 euros ao público en xeral, e as persoas socias do Museo podedes adquirilo por 10 euros no Museo do Pobo Galego.

5. Persoal

Atendendo unha petición da representante sindical, o 28 de setembro a Comisión Permanente celebrou unha reunión co persoal na que se trataron, entre outros, os seguintes temas:

1º. Traslado de despachos a ala sur e asignación dos correspondentes espazos. Acordouse que o Consello de Goberno entregará unha proposta ao persoal e logo de recibir as suxestións deste decidirá a localización definitiva na ala sur dos despachos de Dirección, Administración, DEAC, APOI, Exposicións e Coleccións así como das salas de xuntas e de *streaming*. Neste momento todo isto está en vías de realización e está previsto que o traslado culmine no decurso deste ano. Este traslado permitirá entre outras cousas resolver os problemas da concentración de gas radon nos espazos actuais, que na reforma da ala sur xa están resoltos. Non se traslada o servizo da biblioteca, en canto non poden trasladarse todos os libros, polo que se mantén no espazo do edificio conventual onde se atopa actualmente.

2º. Adecuación de todos os postos de traballo (especialmente os dos vixiantes) á normativa legal vixente. Agás os vixiantes de sala e portaría, os demais están subsumidos no apartado anterior. O de portaría xa está resolto coa reforma da entrada. Respecto do da planta baixa, acordouse trasladalo ao espazo da antiga tenda, onde se centralizarán todos os monitores das cámaras, cousa que xa se fixo No primeiro andar situarase un posto no comezo do corredor central na ala sur, unha vez construída a pasarela.

3º. Introducción e regulación do teletraballo. Acordouse que será estudado caso por caso por unha comisión bipartita formada por Secretario, Tesoureiro e Director do Museo en representación do Padroado e polos representantes do persoal que este designe. As propostas desta comisión serán elevadas ao Consello de Goberno a quen corresponde a aprobación. Este asunto aínda está pendente de acordo, porque houbo moitas dificultades para poder reunirse esta comisión.

6. Herdanza Banet – Dobrkovska e adquisición dunha nave para almacén do Museo.

O Consello de Goberno do 30 de xuño acordou autorizar ao presidente para asinar a extinción do condominio da Comunidade de Herdeiros de Manuel Banet López de Rego, pola que se adxudica ao Padroado do Museo do Pobo Galego a cantidade de 560.494,31 €, cifra que se suma aos 100.000,00 € recibidos por un reparto anterior entre os herdeiros. Realizada a partición perante notario o 18 de agosto, e ingresada esa suma nunha conta de Abanca, o Consello de Goberno acordou o 14 de setembro o seguinte destino dos fondos do legado Banet – Dobrkovska.

- Reservar 200.000 € para ter un fondo de manobra que permita aforrar os custos financeiros, derivados da necesidade de recorrer a créditos e pólizas de crédito para a xestión ordinaria da Asociación, xa que as subvencións públicas non se ingresan até despois de xustificar que se fixo o gasto correspondente.
- Adquirir unha nave que nos dote dun almacén con perspectiva de futuro, no que gardar, tratar e mesmo expoñer as nosas coleccións, o que ademais permite aforrar o custo corrente da nave que temos alugada dende hai anos no Polígono do Tambre, e que non cobre as nosas necesidades.

Con posterioridade, e grazas as activas xestións do Tesoureiro, atopamos e adquirimos por 330.000 €, previo acordo unánime da Asemblea do Padroado de 18 de decembro, unha nave na linde do concello de Santiago de Compostela, nun pequeno polígono situado no concello de Boqueixón, xusto a carón da vella estación de tren da Susana. Foi construída en 2008 nunha parcela con peche perimetral, incluíndo un espazo dianteiro e un patio traseiro. A nave ten 8 metros de altura e 1.739 m² distribuídos en dúas plantas, cuberta con lucernarios, instalación

eléctrica de 450 KW., sistema antiincendios, portas automáticas, montacargas, rede de datos e telefonía preinstaladas, oficinas, vestiarios para persoal, e aseos independentes.

Esta nave permitirá cubrir as necesidades de almacenamento de pezas do Museo, mesmo cara o futuro. A capacidade actual poderá ampliarse establecendo no espazo construído espazos con andeis a varias alturas, e mesmo cabería ampliar o soto, cubrindo o espazo do patio traseiro. Presenta outras vantaxes como a ausencia de luz directa no soto, o que permitiría usalo para fondos sensibles, ou a posibilidade, a medio prazo, de habilitar un espazo onde realizar tratamentos de desinfección e coidado de fondos, que non podemos facer no Museo por carecer de espazos axeitados. Tamén nos permite aceptar doazóns moi interesantes que agora non podemos aceptar por non dispoñer de espazo para gardalas.

7. Proposta de denominación de espazos do Museo do Pobo Galego

Dende hai tempo se presentou unha proposta de designar determinados espazos co nome dalgúns dos persoeiros que máis colaboraron na creación e mantemento desta asociación e deste museo. Dada a controversia creada, o Padroado decidiu facer traslado desta cuestión aos seus membros para que expresaran a súa opinión. Rematado o prazo para facelo, dun censo de 54 membros numerarios, 25 institucionais e 10 representantes de socias e socios, presenta os seguintes datos:

	Numerarios	Institucionais	Representantes	Total
Censo	54	25	10	89
Participantes	19	3	0	22
Porcentaxe	35,19	12,00	0,00	24,72
A favor	4	3	0	7
% censo	7,41	12,00	0,00	7,87
% participantes	21,05	100,00	0,00	31,82
En contra	13	0	0	13
% censo	24,07	0,00	0,00	14,61
% participantes	68,42	0,00	0,00	59,09
Dubidosos	2	0	0	2
% censo	3,70	0,00	0,00	2,25
% participantes	10,53	0,00	0,00	9,09

A elevada abstención foi unha mostra xa en principio do escaso interese que espertaba este asunto. En todo caso parece claro que a maioría do padroado, cando menos de quen mostrou a súa vontade expresamente, parece ser negativa a esta proposta, polo que o CG fará a proposta de saír deste xardín, sen recoller esta proposta.

8. Panteón de Galicia.

No Consello de Goberno de 14 de setembro o presidente informou que o 25 de maio nun acto xunto en lembranza de Rosalía de Castro, xunto co presidente da súa fundación, D. Anxo Angueira, os dous fixeron unha chamada de atención sobre a lamentable situación normativa e física na que se atopa o Panteón, denuncia que recolleu a prensa. Lembrou tamén que regulación normativa e a dignificación do Panteón de Galicia, é un obxectivo do Padroado dende hai moitos anos, o que nos levou a promover en 2010 xunto co Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega unha comisión, na que participaron todas as fundacións con presenza no Panteón, que elaborou un anteproxecto de lei, que foi entregado en 2012 á presidencia do Parlamento, pois en dito anteproxecto colocábase o Panteón baixo a súa tutela. Con posterioridade fixéronse xestións, case todas positivas, cos grupos parlamentarios, co concello de

Santiago de Compostela, que se amosou disposto a ceder parte do espazo do Parque de Bonaval adxunto ao Panteón para ampliálo, e co Arcebispado de Santiago que ao parecer aceptaría ceder o templo por cen anos. Pero cando parecía estar listo, todo quedou nun limbo no que segue.

A consecuencia das noticias de prensa sobre o acto do 25 de maio, houbo nun principio algunhas reaccións nos partidos políticos, que levaron a que retomasen os contactos para desbloquear este asunto. Pero esta reactivación durou pouco, malia algunhas conversas do presidente con algúns dirixentes dos grupos parlamentarios e de D^a Mercedes Rosón co presidente do Parlamento, que se amosou receptivo. Ao cabo nada se moveu e o asunto segue igual de parado.

O caso do actualmente nomeado Panteón de Galegos Ilustres, e que no proxecto se nomearía Panteón de Galicia, está no máis absoluto limbo, sen ningunha norma de ningún tipo que regule dalgunha forma quen entra no Panteón, e quen é o responsable do mesmo, de aí que se poida ver como achegaron da forma máis dispar algúns dos escasos persoeiros que están agora no mesmo.

Por outra parte no panteón actual son todos os que están, pero non están todos os que deberían, non tanto traendo os seus restos, senón incorporando a súa figura nun cenotafio no que se lles renda recoñecemento. Na súa opinión o estado do Panteón é unha vergoña, unha vergoña nacional, que non se da resolto, mesmo co deterioro da estrutura por falta da necesario mantemento. O socio David Conde Lourido di como exemplo que hai sete anos se avisou ao Arcebispado que no ábsida exterior está a medrar unha tulla e alí segue.

9. Centenario do Seminario de Estudos Galegos

En 1923 cómprese 100 anos da fundación do SEG, que merece unha axeitada conmemoración. Por acordo do CG, o presidente do Padroado dirixiuse á presidente do CCG e ao presidente da RAG para propoñerlles a organización conxunta do programa conmemorativo, como xa se fixera coas Irmandades da Fala en 2016. As respostas foron receptivas en principio. A primeira reunión celebrárase a vindeira semana e a ela levaremos unha proposta de programa, elaborada por D^a María Xosé Fernández Cerviño.

10 Situación económica.

O presidente cede a palabra ao tesoureiro do Padroado, quen comenta cal é a situación económica da Asociación, un elemento que incide e condiciona en gran parte as actividades e o traballo da nosa institución.

Dende a Asemblea de socias e socios do 2021, a marcha do museo mostra que seguimos sufrindo os efectos da pandemia, en canto afecta a visitas e ingresos, condicionante a nosa actividade. Aínda así puidemos manter o funcionamento normal do museo.

Como fitos principais destaca a aprobación do orzamento de 2021, cunha caída nominal pola diminución na achega extraordinaria para as salas de historia de 200.000 a 100.000 euros. Por outro lado ao longo do 2021 fomos recuperando algún tipo de ingresos, o que agardamos se manteña no 2022.

Onde mais impacto tivo o covid dende a declaración do estado de excepción no 2020 foi na caída dos ingresos por entradas, ata un 25% do previsto inicialmente, que se foi recuperando algo no 2021, e segue manifestando esta tendencia no que vai do curso actual. Os ingresos neste concepto no exercicio 2020 foron 19.454,00 €, dos que en agosto se chegou a 8.000 euros. No 2021 mostra recuperación ata chegar a 41.000 euros, aínda lonxe dos 50.000 euros ingresados en 2019 por este concepto. Como dato positivo a recadación en marzo foi a maior da serie historia nese mes. Mesmo considerando que Semana Santa foi nese mes, superou outros anos en que tamén caera en marzo.

No ano 2021 a achega de socios e socias individuais e infantís foi de 45.815,00 €. A achega dos concellos segue a ser a nosa gran materia pendente, en canto de 315 concellos galegos só conseguimos 2.050,00 € o ano 21. De socios protectores e patrocinadores acadamos 20.700,00 €.

En canto aos gastos, destaca o aumento significativo na partida de investimento, ao ter que asumir os gastos da obra da ala sur, non só pola montaxe das salas, senón tamén por gastos aparelados como a extensión da climatización a espazos non previstos inicialmente, ou o aumento de partidas de mantemento de calefacción e ascensor. Como exemplo tivemos que achegar 95.000 euros a maiores do investimento realizado pola Xunta de Galicia para acometer o acondicionamento dos novos espazos.

Por este motivo o peche de contas aprobado no pasado Consello de Goberno para presentar no vindeiro Padroado do mes de maio, ten un saldo negativo de 121.305,00 euros na conta de resultados, moi por riba do tradicional equilibrio. Este déficit é un elemento extraordinario, que puidemos asumir no 2021, e no actual exercicio 2022 volvemos ao orzamento equilibrado para non afectar ao futuro da institución.

Aínda así temos que relacionar a conta de resultados co noso balance de situación, pois co esforzo investidor realizado houbo un aumento considerable do noso activo. Outro dos elementos a destacar é o fondo de manobra, que resulta positivo de 667.493,83 euros, o que mostra a capacidade de funcionar financeiramente do museo. Nesta cantidade se incorpora a achega da herdanza Banet – Dobrkovska, que desaparecerá no 2022 ao pasarse ao inmovilizado pola compra da nave.

O socio D. Xaquín Penas Patiño pregunta pola opinión do Consello de Goberno ante a redución da Xunta de Galicia en 100.000 euros da súa achega, pois entende que deberíamos pedir que se mantivera na súa achega actual. O tesoureiro matiza que dende a redución pola crise económica do 2010, a Xunta non diminuíu a achega ordinaria para gastos correntes e investimentos, senón na achega extraordinaria para a musealización da ala sur. Por suposto, dende o Consello vimos solicitando que se incremente a achega ordinaria, pero polo visto a nosa capacidade de convencemento non é elevada, e só hai tres anos subiron a achega corrente para gastos de funcionamento en 30.000 euros anuais. Cousa distinta son as achegas extraordinarias realizadas pola Xunta, feitas con motivo da posta en marcha das obras da ala sur, nos anos 2019, 2020 e que no 2021 reduciuse a metade, ata o 50% do custo total da obra de museografía, custo que despois se viu moi aumentado polo aumento dos custos e materiais.

O socio considera que debemos seguir solicitando que aumenten a súa achega, e mesmo buscar algunha solución imaxinativa para reforzar a capacidade de aumentar esta achega. O tesoureiro responde que non sabe como poder aumentar a nosa capacidade de influír, se ben espera aínda así conseguilo, sen esquecer o noso obxectivo esencial de aumentar os nosos ingresos propios para non depender doutras institucións.

Tamén pregunta o socio como foi a evolución de novas persoas asociadas. O tesoureiro responde que en conxunto aumenta paulatinamente, se ben o aumento no número vai asociado á desaparición doutras que reducen o aumento neto.

Neste punto o tesoureiro destaca a necesidade de que as persoas socias lembren notificar os cambios de conta, pois un cambio non notificado ao museo, supón un custo de devolución do moi superior ao importe da cota. Tamén solicita a colaboración para contactar cos concellos e conseguir que se incorporen como socios institucionais. Á pregunta de cal é a cota mínima neste caso, responde que aínda que a cota mínima é de 150,00 €, a intención é que poñan como mínimo 500 euros.

Non habendo máis intervencións, pásase ao seguinte punto na orde do día.

4. PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DE COTAS.

O presidente cede a palabra ao tesoureiro, quen manifesta que no anterior Consello de Goberno os representantes de socias e socios solicitaron que se presentara unha proposta de actualización de cotas nesta Asemblea.

Se ben un dos obxectivos dende 2008 é poñer ao día as cotas en función do incremento do IPC, as cotas mínimas levan sen actualizar dende a última revisión realizada en maio de 2011 para entrar en vigor en maio de 2012, no que se fixou a actual cota mínima en 30 euros. O tesoureiro fixo unha estimación do aumento do IPC, na que para manter o seu poder adquisitivo tería que incrementarse a 35,94 €.

A socia D^a. Esperanza Delgado Rosende, propón actualizar a cota mínima a 40,00 €, xa que o Museo ten unha cota baixa se a comparamos coas de outras entidades culturais. O tesoureiro afirma que sempre se fixo a suba igualando ao IPC, e entende que a suba por riba deste criterio debería xustificarse en canto aos motivos da mesma. Neste punto o secretario di que, ao sermos unha asociación de utilidade pública nos últimos anos aumentou a dedución directa na cota do IRPF e Imposto de Sociedades até un mínimo do 40% da achega, e que mesmo pode chegar até o 80% para quen non achegue máis de 150 euros a institucións deste tipo en caso de reiteración da achega. Este aumento da desgravación, na súa opinión, pode xustificar o aumento da cota mínima ata os 40 euros.

O socio David Conte Lourido, dada a escasa presenza de socios e socias na asemblea, aínda manifestando que está persoalmente a favor do incremento, pregunta se cabería facer unha consulta á masa social, pois hai quen poderían ter problemas para asumir a suba. D^a. Esperanza Delgado Rosende considera que esta consulta só adiaría a suba, máis de considerarmos que a dificultade pode existir tanto en fixar a cota en 36 euros como en 40.

Sometida a votación a proposta de elevar a cota mínima de socias e socios individuais a 40 euros anuais, APRÓBASE por unanimidade dos presentes. Esta suba terá efecto nas cotas anuais do exercicio 2023.

5 INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

Toma a palabra D. Manuel Vilar Álvarez, director do Museo do Pobo Galego, quen antes de presentar o informe da Dirección que será incorporado á presente acta (ANEXO 3), resalta a importancia de socias e socios, de que participen e fagan propostas. Manifesta que contamos coa súa participación e pide a maior colaboración polo ben do Museo.

A continuación o presidente cede a palabra á coordinadora do APOI, D^a. Concepción Losada Vázquez, quen presenta as actividades realizadas destacando que foi un ano especialmente bo tanto na catalogación de pezas, como na recepción de pezas novas, no aumento de visitas virtuais e de descarga de pezas. Entre as novas achegas está o arquivo da socia D^a. Camino Noia, quen fixo doazón de todas as súas recollas.

Destaca a colaboración coa da Fundación Puntogal, entidade sen ánimo de lucro que reverte os seus beneficios en entidades e proxectos sociais, destacando que neste ano nos deron 12.500 euros ao APOI que permitiron asumir o custo derivado de traballar no arquivo doado por Dorothé Schubart.

Á maior difusión das actividades contribuíu o proxecto *Cóntame un conto*, no que colaboran a Fundación Fraguas e o Museo do Pobo, reforzando a nosa visibilidade entre o conxunto da sociedade, e acadando efectos directos no ámbito educativo. Con este proxecto conseguiuase que nenos e nenas conten contos nas escolas, para o que fixeron un curso especial para docentes, o presentaron en distintos foros, e puxeron no arquivo dixital do APOI contos, tanto realizados por xente maior, como pola xente miúda que se integraron. Estes contos contan dunha ficha completa como calquera outra peza, pero o mais importante, na súa opinión, foi a incorporación dos contos como ferramenta para os docentes nas actividades do estudantado galego.

O socio D. Xaquín Penas Patiño dá os seus parabéns por este traballo realizado dende o APOI, ao que se suman outras persoas presentes sen identificar. Tamén considera interesante centrarse no labor nos concellos, e levar materiais elaborados polo Museo, pois pode ser a vía para acadar a súa incorporación como socios. O director do Museo concorda, e cita o caso do Concello de Vilagarcía de Arousa, no que grazas a un novo técnico do mesmo, socio do museo, quen propuxo levar alí unha exposición e fixo un informe, conseguiu que este concello se incorpore como socio do Museo do Pobo Galego

6. INFORME DA OFICINA DE SOCIAS E SOCIOS

O representante das socias e socios no Padroado D. Luis Martul informa das actividades realizadas pola Oficina de Socias e Socios dende maio de 2021 ao día de hoxe.

- Este ano organizamos unha nova exposición de fotografía etnográfica "Entreamigos". Exposicións, como esta, lévanse celebrando bianualmente desde 1996.
- Paralelamente continuamos organizando o Arquivo fotográfico que se está a dixitalizar, ca fin de facilitar futuras consultas a investigadores ou persoas interesadas, en xeral.
- Ao longo dos meses últimos temos realizado distintos roteiros no ámbito da cidade de Santiago:
- O 16 de outubro do 2021 fixemos un percorrido, guiado polo etnógrafo e patrón D. Clodio González Pérez, quen denantes de o iniciar fixo unha introdución sobre a lenda de Xoán Tuorum. O roteiro transcorreu por encrucilladas da contorna de Santiago, nas que se atopan cruceiros de significativo relevo.
- Un segundo roteiro, o 20 de novembro do mesmo ano, dirixido polo catedrático D. Xoán Carmona Badía, percorreu os emprazamentos dos curtidoiros situados á beira do Sarela, as que tiveron un papel tan importante no desenvolvemento económico da cidade durante case un século.
- O 25 de xaneiro de 2022 tivemos unha visita guiada, dentro do Museo do Pobo Galego, para socias/os, pola primeira sala de Historia de Galiza.

Respecto das actividades que temos previstas destacan que

- Para o 21 deste mes de maio estase a organizar unha visita guiada á cidade de Lugo.
- E, á fin, entre outras tarefas dun inmediato futuro, estamos a formular diversas actividades co obxectivo de atraer a novos socios.

Dende a derradeira Asemblea de socios e socias e socios até hoxe, déronse de alta un total de 36 persoas, 22 entre maio e decembro e 14 no que vai de ano.

Non habendo máis intervencións, o presidente reitera o agradecemento da institución ao papel que veñen desenvolvendo, como manifestou ao comezo da presentación do informe do Consello de Goberno, e pasa ao seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

D. Xaquín Penas Patiño felicita a todo o Consello de Goberno polo traballo realizado, en especial ao seu presidente D. Justo Beramendi González no momento en que se xubila dos labores da presidencia do Padroado.

O presidente do Padroado agradece aos presentes a súa asistencia e, non habendo máis asuntos, levántase a sesión sendo as 13:30 horas, de todo o que como Secretario dou fe.

Rematada a sesión, procédese á IMPOSICIÓNS DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO A SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE na institución.

Reciben a insignia, por cumpriren con tal condición:

1296 LOPEZ GONZALEZ, XOSE
1298 ROCA VAZQUEZ JOSEFA
1307 CONCELLO DE NARON
1312 PARDO FERNANDEZ, MARIA
1315 CONDE LOURIDO, JUAN DAVID
1317 RODRIGUEZ CALVIÑO, MANUEL
1318 GALLARDO FREIRE, JOSEFA
1320 DORREGO MARTINEZ, FILOMENA
1321 RUBIERO DA PENA, ANA MARIA
1322 PEREZ PEREZ, XULIO
1324 GOMEZ FERNANDEZ, ANTOLIN
1325 FERNANDEZ RODRIGUEZ, CARLOS
1326 CASTRO PAREDES, INMACULADA
1327 PICALLO MARTINEZ, MARIA DOLORE
1330 PEREZ LIRON, M. ANGELES
1334 GUERRA RAÑA, JOSE RAMON
1337 DONO QUINTELA, JESUS

A continuación o director do Museo realizará para as persoas interesadas, unha visita ás novas salas de Historia, .

Vº e praxe, o presidente,

Justo Beramendi González

Fco. Javier Sanjiao Otero

ANEXO 1: Informe de xestión para a asemblea de socios e socias do Museo do Pobo Galego do 7 de maio de 2022 presentado pola Dirección do Museo

Esta é a primeira asemblea de socios e socias que se celebra con normalidade desde que fun nomeado director, e vai xa para tres anos. Ben vida a normalidade.

1. Novas salas e ala sur

Un dos temas que nas últimas asembleas vimos falando é o das novas salas e o da ala sur. Desde maio de 2021 logramos abrir, no Salón Real e no de Rexedores, a parte das salas de Historia dedicada á primeira etapa da nosa Historia, dende a Prehistoria ao reino Suevo. Foron inauguradas polo Presidente da Xunta de Galicia o 25 de xaneiro último, aínda que xa quedaran montadas no mes de decembro.

Neste momento estamos preparando a parte correspondente ao tempo medieval que ocupará o lateral leste do segundo andar da ala sur. Hai que volver dicir que, debido a que non se abriu unha porta como estaba previsto orixinarmente de acceso -entrando pola antiga sala de pintura cara ao lateral oeste-, houbo que modificar o plan orixinal de colocar o período medieval no lateral oeste. Agora vai no lateral leste que, neste momento, está aínda ocupado cos fondos á espera de distribuílos entre o novo almacén e outros espazos da ala sur. Agardamos telo libre axiña como sexa posible pois cara a finais do verán debería estar montada esta sala. Para esta montaxe cóntase cunha axuda da Deputación da Coruña.

Lembrar tamén que estamos á espera da construción da pasarela de unión entre os dous edificios e da rampla exterior de acceso para cadeiras de rodas.

Empezamos xa a levar cousas para diversos espazos, como o baixo cuberta ou no lateral leste da planta primeira, onde colocamos algúns fondos e rexistro de colección. Falta aínda mobiliario para poder colocar ordenadamente máis cousas e para instalar os espazos de traballo das diferentes áreas do Museo.

2. Exposicións

Distinguimos entre exposicións propias, producidas polo Museo, e exposicións de acollida, producidas por outras institucións ou entidades. Asemade, movemos por diferentes lugares exposicións producidas por nós e exhibidas anteriormente no Museo. Interesa montar exposicións propias e visibilizar os nosos fondos, moitos e interesantes, mais para iso necesitamos medios dos que estamos escasos.

Neste período de tempo que vai de maio a maio realizáronse as seguintes exposicións, entre propias e de acollida:

Exposicións propias:

Comezamos o ano que corresponde a esta memoria, maio de 2021, coa tradicional mostra sobre a personaxe á que se lle dedica o Día das Letras Galegas, nesta ocasión Xela Arias, exposición biobibliográfica producida desde o departamento de Biblioteca. E, xa está a dedicada ao personaxe deste ano 2022: Florencio Delgado Gurriarán.

Do 6 de xuño ao 5 de setembro estivo a exposición *Entre amigos*, organizada pola oficina de socias e socios.

O 15 de setembro abriuse ao público a exposición de Xesús Carballido, *Seica no Museo do Pobo Galego*, patrocinada polo socio *O 16 Casa de Xantar*. Participaron no acto o Conselleiro de Cultura, o Alcalde de Santiago de Compostela e o Presidente do Parlamento de Galicia. Tamén estiveron presentes os secretarios xerais de Cultura e o de Política Lingüística. A mostra contou cun catálogo subvencionado pola Xunta de Galicia.

Desde o 10 de marzo e até rematada a Semana Santa, no claustro alto estivo a mostra *No interior do abandono*, fotografía de Carlos Lorenzo e poemas de Baldo Ramos, unha reflexión desde eses dous campos creativos sobre o despoboamento e avellentamento do rural.

Na ala sur, coincidindo coa MICE e até o primeiro de maio, estivo a mostra fotográfica *Coreografías do facer. Imaxes do traballo feminino en Gustav Henningsen*.

Tamén levamos algunhas exposicións propias a outros lugares. *Ons soa* estivo en tres sitios: na illa de Ons, desde agosto até o 16 de setembro; en outubro en Arcos de Valdevez, dentro do 3º

Ciclo de Cinema Galego-portugués Mulleres, Patrimonios, Sociedade. Actividade en colaboración co Consello da Cultura Galega; e, en febreiro deste ano 2022, na Casa de Cultura Antón Mouzo de Vimianzo. E o próximo 13 de maio agardamos que quede aberta ao público no Museo do Mar de Vigo.

Por outro lado a mostra producida desde a Biblioteca do MPG e titulada *8M. Día das mulleres*, que estivo aquí o ano pasado con motivo do 8M, foi á Casa de Cultura de Vilagarcía de Arousa desde o 24 de febreiro até finais de marzo último.

Coreografías do facer. Imaxes do traballo feminino en Gustav Henningsen vaise expoñer en Carboeiro a comezos de xuño, nos Encontros de Música Tradicional e *As pequenas cousas*, irá para Vilagarcía no verán.

Exposicións en acollida:

Acollemos exposicións producidas por outras entidades. Mencionamos: en xuño, coincidindo co Día da Música unha pequena mostra fotográfica sobre a escola de música Play coa que vimos colaborando desde hai máis de dez anos. Tamén en xuño, no claustro baixo, fotos do 16 premio de fotografía Xurxo Lobato.

En xullo, na ala sur, *Tigres coma cabalos*, fotografías de Xulio Gil con poemas de Xela Arias. Exposición auspiciada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. En outubro, tamén na ala sur, a mostra premios Ksado de fotografía da Deputación da Coruña. En novembro tivemos a exposición *Lección gitana* da Fundación Secretariado Gitano coincidindo cun encontro que tiveron en Compostela e no que visitaron o Museo. En decembro estivo a exposición *Galiza: un pobo, unha selección* de Vía Galega.

3. Colección

A colección medra dun día para outro. É moita a xente que se achega ao Museo porque quer que obxectos que forman parte do seu patrimonio persoal ou familiar, cousas que herdaron e que consideran de valor, que gardan memoria, que entenden teñen un valor para a sociedade polo que, en consecuencia, pensan deben preservarse para as xeracións futuras. Esta xente percibe que o mellor espazo para estaren é o Museo do Pobo Galego, e o Museo si se compromete a coller e gardar eses fondos, ten que facelo en condicións axeitadas, garantir esa preservación. Agora co medre dos espazos dispoñibles para fondos temos mellores dispoñibilidade e condicións, mais non persoal suficiente para catalogalo, estudalo e difundilo. Así, o ano pasado empezamos o proceso para colgar a colección na web, algo fundamental para difundila e coñecela, mais este ano non podemos seguir por falta de medios, polo que, de momento, non é accesible.

O total de rexistros dos nosos fondos neste momento é de 15.656. Desde maio de 2021 houbo 858 ingresos, dos que 286 son doazóns. Entre os últimos doantes destacar:

- Irmáns Santos Castroviejo (medallas e fotografías)
- Xosé García Santamarina (fondo Rosa López Comunión e Xosé Daporta)
- Mónica Ares (trenza de pelo e obxectos domésticos)
- Cristina Miranda (Cadro do Conde de Ximonde)
- Familia Acuña Castroviejo (doméstico, indumentaria, relixiosos, fotos...)
- Beatriz Fernández Catoyra (traxe feminino)
- Ernesto Roa (teas da fábrica dos Roa en Pontecesures "Textil Gallega S.L.")
- M^a del Carme Andreu Torre (berce da Familia Harguindey)
- Familia Acuña Fernández (un baúl)
- Carlos Castelao (Conxunto de olaría galega, principalmente de Buño)

Temos un depósito do socio Richard Rivera Armero que xa entrou hai un tempo e que se comezou a rexistrar, pero só as pezas de téxtil e indumentaria que están aquí, pois hai moito máis material que está aínda na nave do Tambre.

Préstamo exposicións

Tamén se prestan pezas para exposicións que fan outra entidades:

Antonio Palacios: Soños de modernidade. Compromiso con Galicia. Museo do Mar de Vigo. Obra: Proxecto da Rúa Galicia, de Antonio Palacios

Deber de Baltar. Medicina e compromiso. Concello de Santiago. Obra: Retrato de Mireya Dieste, de Xosé Eiroa

Santiago de Compostela no tempo. Fundación Cidade da Cultura – Afundación. Obras: Virxe da Porta do Camiño, Xerra da Botica do Hospital Real, Cadeiras de Rexedores do Concello de Santiago e cofre ou caixa de caudais de ferro.

Arquivo gráfico

Durante o último trimestre do 2021, traballouse na clasificación e catalogación do Arquivo Gráfico. Até o momento, están catalogadas preto de 400 fotografías, pendentes de dixitalizar para que sexan accesibles desde o programa de arquivo documental do Museo. En caso de poder continuar con este traballo, poderíase facer unha exposición temporal para o ano 2023 con fondos propios do Arquivo do Museo.

4. Biblioteca e arquivo

A biblioteca e o Arquivo tamén seguen medrando coa achega de novos volumes e novos documentos, tanto a diario a través do intercambio ou a doazón institucional, como doazóns particulares de libros doados polos autores ou membros do Museo (socias e patroas). Así, o 16 de febreiro de 2022 asinou a acta de doazón do arquivo pertencente a Ramóm Muntzaraz.

Tamén se avanzou na dixitalización grazas a unha axuda de ANTEGA (Xunta de Galicia. Fondos FEDER) para dixitalizar o Fondo Blanco Cicerón, no que traballaron tanto na catalogación como en parte na dixitalización dúas persoas: Alexa García Pose e Ana Mateos Vara.

MONOGRAFÍAS:	
Total ingresos -----	398 títulos
Doazóns-----	387
Intercambio-----	7
Adquisicións-----	3
Produción propia -----	4
Total rexistros -----	65.920 títulos
Total volumes -----	75.484 volumes
PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS:	
Revistas en curso-----	94 cabeceiras
Total títulos de revistas (inclúe prensa) -----	2.850 títulos

Consultas

No canto ás consultas na Biblioteca e Arquivo hai que facer unha distinción entre consultas presenciais e consultas en liña, que son as que aumentan día a día, en detrimento das presenciais. Estas consultas en liña procuran referencias moi concretas ou específicas que precisan un tempo de dedicación. Tamén están as consultas internas, as que facemos desde os diferentes departamentos do Museo.

A medida que se engaden máis referencia nos catálogos bibliográfico e documental constatamos un aumento de consultas e un maior interese polos nosos fondos, o que demostra a **necesidade de seguir clasificando e catalogando** para facilitar á investigación e un maior coñecemento da nosa Historia obxectivo principal desta sección.

No **Arquivo** foron tamén importantes as consultas dos fondos de Rosa García Orellán, Antonio Fraguas e Manuel Beiras. Destacar aquí as continuas consultas e reproducións sobre fomentadores do fondo Lojo Lestón para o Museo *Marea* de Porto do Son, algúns destes documentos están expostos nos paneis do peirao para goce de propios e alleos.

Consultas presenciais -----	74
Consultas en liña das cales 958 son do arquivo doc. e gráfico -----	5.399
Consultas telefónicas e telemáticas -----	67

Consultaron os nosos fondos estudantes e investigadores procedentes das seguintes institucións:

- Universidade de Santiago
- Fundación Brandomil
- Universidade da Coruña
- Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
- Museo Valle-Inclán (Pobra do Caramiñal)
- Concello de Santiago
- Asociación Cultural “O Galo”
- Universidade de Florencia

Todo este traballo é posible tamén grazas ás voluntarias que colaboraron na biblioteca: Encarna Otero, Mercedes Pintos, María Tilve, Ana Mateos e Mariví Pardo.

Na biblioteca e arquivo tamén se monitorizan prácticas do estudantado da Universidade de Santiago de Compostela e doutras. O último semestre de 2021 estivo Violeta Rodríguez López dun máster da UBA.

Difusión

A difusión é moi importante para que a sociedade teña un claro coñecemento dos nosos fondos. Neste sentido a biblioteca traballou nos seguintes aspectos, algúns xa comentados noutro apartado desta memoria:

- **Mostra dos fondos bibliográficos e/ou documentais** a través de exposicións temporais. Neste mes de maio, como en ocasións anteriores, sumámonos aos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Florencio Delgado Gurriarán, que, dando conta da cumprida biblioteca que o Museo posúe, amosamos as primeiras edicións da súa obra, artigos e poemas publicados en *A Nosa Terra* ou *Vieiros*.
- Outras veces cedemos as nosas exposicións a outras entidades, así os carteis da Exposición do Día da Muller (2021) viaxaron este ano a Vilagarcía, onde en colaboración co Concello, a través do CIM, presentouse na sala de *Rivas Briones* durante os meses de febreiro e marzo.
- **Visitas guiadas**, co gaio de dar unha maior visibilidade e proximidade promovemos os percorridos guiados e previa cita, polas nosas bibliotecas. Neste semestre recibimos ás rapazas e rapaces do *IES Fermín Bouza Brey* de Vilagarcía que levan a biblioteca do centro, acompañados da profesora e patroa Patricia Arias Chachero, mostrando grande interese e agradeceron o poder acercarse a algúns exemplares singulares. Tamén visitou a Biblioteca a rapazada do Campamento de Verán da Asociación Culturas de Vite.
- **A través das redes**, a carencia no Museo dun departamento ou persoa responsable de comunicación tentamos suplila da mellor maneira posible, así estivemos presentes celebrando o novo ano cunha mostra de almanaques, no tempo de Entroido cun programa de Baile de 1921, o libro de Picadillo para a Coresma, coa 1ª edición da *Galiña azul*, de Casares no día do libro infantil, na conmemoración do día da República co xornal *Avante* ou no 1º de maio cunha serie de publicacións *ephemeras* sobre os Maíos.
- Presentación do Arquivo documental e gráfico do Museo a través da participación nun Webinar de BAMAD (Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia).
- Biblioteca Dixital Ovidiana. Obras ilustradas de Ovidio nas bibliotecas españolas(s.XV-XIX)
- **Préstamos para exposicións**, Poderíamos dicir que poucas son as mostras que non precisen contar con algún material do MPG, no caso da Biblioteca estivemos presentes en:
 - *Deber de Baltar: Medicina e compromiso*. Santiago USC
 - *O poder da palabra: 40 anos do Parlamento de Galicia* Itinerante Parlamento
 - *Granel: 46 anos de exilio...* Santiago Fundación Granel.

5. Educación e acción cultural

Neste curso, o 2021-22, e sobre todo a partir de xaneiro, fóronse recuperando as cifras de demanda anteriores á pandemia. A oferta do DEAC volve contar con actividades e talleres

presenciais nas dependencias do Museo. Entre estas actividades presenciais, contamos coas deseñadas e executadas polas educadoras do DEAC como “Da vara ao carabelo” ou as executadas en colaboración con profesionais externas como o traballo co sistema “LUPO” ao redor da arquitectura, e as deseñadas polo DEAC con materiais que facilitan a execución no Museo de forma autónoma como “Coscobellos ao cesto!” ou “Son (em) peza”.

Aínda así decidimos manter as opcións no ámbito dixital xa que, non só funcionan como reclamo para aqueles centros que por motivos como a distancia non adoitan visitarnos, senón que propostas como os paquetes dixitais de cinema escolar da *MICE Petís*, o vídeo conto “A Gulpilleira” cos seus materiais didácticos, ou as actividades usando a visita virtual como “Do alalá ao autotuning”, están tendo unha moi boa acollida nos centros escolares.

Outros colectivos

Un dos obxectivos fundamentais do DEAC é a accesibilidade e a inclusión. Levamos xa máis dunha década colaborando con distintas entidades da cidade (ASPANAES, Sarela, Down Compostela e ASPERGA) para tentar deseñar ferramentas que faciliten o acceso universal ao Museo. Neste ano continuamos o traballo para a realización dunha guía fácil. Despois de traballar co relativo ao mar, agora estamos traballando coa olaría.

Ademais estamos colaborando coa ONCE realizando unha serie de visitas comentadas no ámbito dixital usando a visita virtual ao Museo.

Tamén tivemos actividades coa Cruz Vermella, ATEGAL (Aulas da terceira idade), 4ª ciclo da Universidade ou Secretariado Xitano que, para o seu congreso estatal, presentou unha exposición na ala sur e visitaron á exposición permanente coa ollada da inclusión do pobo xitano no pobo galego.

Actividades socioculturais

Camiñar é preciso. Visita presencial durante o mes de agosto deseñada desde o DEAC coa colaboración de Xosé Antón Serén, guía oficial de turismo e historiador da arte, ao redor do acto de camiñar realizada polo Museo e toda a contorna de Bonaval.

Soa Bonaval. Evento musical organizado polo Museo que se celebrou o 22, 23 e 24 de outubro. Este ano a programación e produción estivo a cargo do DEAC con tres concertos na Igrexa de Bonaval, unha charla na Ala Sur e a presentación dun itinerario sonoro polo Museo. Un dos concertos, de Exvba foi pensado explicitamente para presentar aquí. Outros artistas foron a asturiana Lorena Álvarez, o grupo pontevedrés Peña, o proxecto Libredón de Denís Estévez e Tralo-Valo, xunto cunha conversa co produtor catalán Raül Refree.

Esta edición completouse coa presentación do itinerario sonoro Son[em]peza onde se usaron fondos do APOI.

Entroido – Volvemos a unha actividade de divulgación presencial co tema dos sons desta festa en Galicia como protagonista nun acto con Pablo Carpintero, investigador e estudoso do folclore e a da sonidista da curta “Os Corpos”, Alba Domínguez Serén.

17ª MICE - do 29 de marzo ao 2 de abril. Celebración do festival de cinema promovido polo Museo. Ademais da programación fílmica, coas seccións de competición e fóra de concurso, houbo mesas de debate, un taller de formación, programación escolar e online, e unha colaboración coa Galician Film Forum na súa sede do King’s College de Londres.

Entre as actividades paralelas da MICE, como xa está referenciado, tamén se encontra a exposición *Coreografías do facer. Imaxes do traballo feminino en Gustav Henningsen* que, como as dos anos anteriores, *As pequenas cousas. De como os obxectos gardaron unha memoria perseguida* e *ONS*, están deseñadas para facilitar a súa itinerancia.

A Voltas co Baile – xornada que se ven celebrando desde hai dez anos. Na xornada deste ano, celebrada o sábado 30 de abril, baixo o título *A memoria do baile. O dereito aos arquivos para unha práctica cultural falouse do tratamento*, desde o ámbito do dereito, dun patrimonio inmaterial que está moi vivo na sociedade galega e que ademais conta con moitas recollas particulares, gravacións ou fotografías contidas en distintas institucións ou materiais de arquivo de medios de comunicación como NO-DO ou a TVG. Falouse de como se ven afectadas polas políticas de arquivos e dos dereitos de imaxe ou de propiedade intelectual para o que se contou con **Patricia**

Gabeiras do despacho Gabeiras e asociados, experta en dereitos de imaxe, Carlos Amoedo Souto, profesor de Dereito Administrativo da UDC e director da cátedra de Dereito Local da UDC-Deputación da Coruña, e Gabriel Quiroga Barro, arquivista do Arquivo do Reino de Galicia

Día Internacional dos Museos – Actividades realizadas de xeito coordinado con outros museos de Compostela co gallo do 18 de maio. O Museo celebra xornada de portas abertas, un obradoiro de pandeireta para rapazada preadolescente con Carme da Pontragha, visitas comentadas á exposición Coreografías do facer durante a xornada do 18 de maio e unha sesión especial fóra de horario de apertura do itinerario sonoro Son (em)peza. O ano pasado celebrouse tamén unha mesa redonda o 20 de maio moderada por Manuel Rial e na que participou as directoras do Museo Provincial de Lugo, Encarna Lago, e a do Museo das Peregrinacións, Esperanza Gigirey, xunto con Santiago Olmo director do CGAC e o director do MPG. Mesa que se retrasmitiu en liña e con público presencial.

Café da Memoria – O traballo realizado nestes anos atrás en relación aos procesos sociohistóricos recentes que afectaron á sociedade galega e, máis concretamente, ás mulleres, indagou en varios temas de interese como a migración, oficios como costureiras, e traballadoras da conserva, ou a vivenza da maternidade. Tras dez anos recompilando testemuñas e traendo ás portadoras ao Museo para protagonizar un coloquio (gravados, editados e dispoñibles no Vimeo do Museo), este ano iniciamos unha etapa na que pretendemos revisar o feito, poñelo en valor e tirar conclusións. Ademais, gustaríanos comezar estudar e presentar novos relatos, procesos actuais que están a afectarnos, como poden ser as formas de sociabilidade a través de Internet ou o impacto das tecnoloxías dixitais que introducen novas perspectivas para a investigación etnográfica.

6. Comunicación e redes sociais

Non temos unha persoa en comunicación. O ano pasado, e por medio das axudas da Deputación da Coruña, tivemos a Mónica Ares que desempeñou ese labor dun xeito eficaz. A imaxe do Museo nas redes sociais medrou considerablemente, así como a comunicación cos medios. Todo para ter unha maior difusión do noso traballo e da nosa imaxe. Podemos facer moitas cousas e facelas moi ben, mais se non logramos transmitilas á sociedade de nada valerá. Neste campo non podemos andar aos saltos. Ou estamos ou non estamos.

7. Instituto de Estudos das Identidades (IEI)

Despois dunha xuntanza celebrada o 21 de abril de 2021 na que se acordou reactivar o IEI e recollendo unha proposta do Patrón e membro do IEI Manuel Blanco Desar, decidiuse organizar un encontro centrado nas relacións Galicia-Norte de Portugal. Para iso contamos co apoio do socio Xosé M^a Lago García que nos facilitou o acceso á Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-norte de Portugal, ente da Eurorrexión, organismo que financiou o encontro.

En principio planificamos o encontro para finais de novembro, mais problemas de protocolo aconsellaron adialo un par de meses, realizándose o 18 de febreiro último. O encontro, co título *Representacións e identidades na Eurorrexión Galicia-norte de Portugal*, estivo estruturado ao arredor de tres mesas de debate: As relacións Galicia-Portugal: ideas, tópicos, falacias, realidades, posibilidades; Lecturas de hoxe o territorio e as identidades na eurorrexión Galicia-norte de Portugal; e, Museos e representacións identitarias na Eurorrexión Galicia-norte de Portugal. Participaron quince relatores, entre os que estaba Fernando Seara, director do Museo do Douro de Peso da Régua, ou Laura Castro, Directora Regional da Cultura do Norte. No acto inaugural estivo presente o presidente da CCDR-Norte António Cunha, o director da AECT da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, Nuno Almeida, e Xesús M^a Gamallo Aller, Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, xunto co Presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego. Aínda que non houbo moito público asistente, o encontro valeu para establecer un primeiro contacto especialmente coa xente de museos do norte de Portugal e coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-norte de Portugal. Quedou aberta a posibilidade de futuras colaboracións no campo dos museos e de repetir o encontro para o próximo ano.

Este encontro pode ser entendido como unha continuidade dos Foros que se teñen realizado, seis até este momento. Respecto a isto o 2 de marzo presentamos o libro cos textos presentados no VI Foro *A identidade galega no mundo da globalización*, celebrado en novembro e decembro do ano 2020. O libro, coma o Foro, está coordinado polo Patrón Uxío Breogán Ezequiel Diéguez e por Dolores Vilavedra do Consello da Cultura Galega, entidade coorganizadora do VI Foro.

APOI (Informa a súa responsable)

8. Outras actividades nas que participamos

2021. Maio 23. Xunto á vicepresidenta do Padroado Concha Losada, acudimos a Lobeira a un acto organizado polo Presidente do Parlamento, Miguel Santalices, de entrega do libro *Xocas revisitado* ao alcalde de Lobeira coincidindo coa romaría do Viso.

Maio 25. Acto para conmemorar o 130 aniversario do traslado dos restos de Rosalía ao Panteón. Participou o Presidente do Padroado e o Presidente da Fundación Rosalía.

Maio 26. Presentación do libro *Xocas revisitado. Lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández*. A mesa estaba composta polo Presidente do Padroado, Justo Beramendi, do Presidente do Parlamento, Miguel Santalices, o Secretario de Política Lingüística, Valentín García, e M^a Xosé Fernández Cerviño.

Xullo 8. Festival Atlántica, contacontos no claustro para crianzas e proxección da película *Manoliño Nguema* no auditorio e posterior coloquio

Outubro 19. Rolda de prensa na igrexa para presentar Soa Bonaval, coa presenza do Secretario Xeral de Cultura e Elisardo Temperán por parte do Arcebispado. Non puideron asistir nin Mercedes Rosón, por parte do Concello de Santiago, nin Xurxo Couto por parte da Deputación da Coruña.

Novembro 3. Presentación do libro *Lola, filla de Cangas*, de Asún Bernárdez Rodal, acompañada por Concha Losada e Iago Santos Castroviejo. O material documental do libro está depositado no APOI.

Novembro 6. Presentación do número 16 da revista Adra coa presenza de case a totalidade das autoras que escribiron neste número.

Decembro 14. Proxección da película *Negro púrpura* e coloquio en colaboración con *Germe/Ontoloxías Híbridas*, unha rede de estudos sobre xénero e microbioloxía no que participan investigadoras do CSIC.

2022. Xaneiro 25. Inauguración das novas salas coa presenza do Presidente da Xunta, Alcalde de Santiago de Compostela, Secretario Xeral de Cultura, vicepresidente da Deputación de Ourense, Directora Xeral de Patrimonio, Secretaria do Consello da Cultura, directora do Museo das Peregrinacións e directora do Museo Provincial de Lugo, director da Fundación Catedral entre outras.

Febreiro 1. Presentación de *A vangarda das formas*. A obra cerámica de Isaac Díaz Pardo, con Justo Beramendi, Maite Ferreiro, Xosé Días e os coordinadores da obra, Fernando Arribas e Teresa Pena Moreda.

Marzo 3. Presentación da XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas. Presidente e secretario do Padroado, Francisco Fariña e Valentín García de Política Lingüística.

Marzo 5. Recibimos a visita de Niels Einarsson, director do Stefansson Institute de Islandia, e de Eva Björk Káradóttir, directora do Húsavík Whale Museum.

Marzo 22. Roda de prensa para a presentación da 17 edición da Mice, coa vicepresidenta do Padroado, Mercedes Rosón polo Concello, Jacobo Sutil polo AGADIC e Xurxo Couto pola Deputación da Coruña. Despois inaugurouse a exposición *Coreografías do facer*. Imaxes do traballo feminino en Gustav Henningsen.

Marzo 23. Actividade paralela da Mice coa proxección de dous documentais curtos sobre a cultura mariñeira da Guarda da cineasta Xixela Franco. Contouse coa participación de dúas entidades da Guarda, a asociación O Piueiro e das redeiras da Atalaia. Tamén estivo o alcalde da localidade e varias concelleiras.

Abril 6. Xuntanza cos mestres que participan no programa *Cóntame un conto* da Fundación Antonio Fraguas

Abril 22. Colaboramos co V Congreso de Antropoloxía, organizado por Agantro.

Abril 27. Presentación de Pablo Carpintero e Iván Area dos resultados da investigación sobre Gaitas en uso desde a idade Media en Galicia e Portugal.

9. O Museo acolle

O Museo acolle diversas e múltiples actividades ao que lle temos que dedicar tempo e enerxías. Quero resaltar isto, porque aínda que a actividade veña de fóra, para o Museo teñen tamén un custe e unha visibilidade.

Ano 2021

Maio 31. Gravación de 70Mandarinas Comunicación para un vídeo turístico de Turismo de Galicia.

Xuño 7 e 10. O festival Galicia Escena Pro, no que colabora o Agadic e o Concello de Santiago de Compostela, fai uso do auditorio do Museo como camerino para os actores e actrices.

Xuño 13. Asemblea da Asociación de Gaiteiros.

Xuño 26. Presentación do libro de Gerardo Pisarello *Dejar de ser súbditos. El fin de la restauración borbónica*, coa participación do Patrón X.M: Beiras.

Xuño 30. Presentación do documental *O Camiño de Santiago a Muxía por Bandomil*. Coa participación de Xosé Regueira, vicepresidente da Deputación da Coruña.

Xullo 1. Presentación do libro Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza. Memoria e legado dos Petróglifos, polo colectivo A Rula e a participación de Xosé Regueira, vicepresidente da Deputación da Coruña.

Xullo 2. Presentación *El Camino Creativo. Xacobeo 21 Emprénde!* Estivo presente Anxo Lorenzo e o deputado provincial de Lugo Roberto García Pernas.

Xullo 2 e 3. Xornadas sobre a PAC da entidade Labregas Galegas.

Xullo 7. Festival Atlántica, contacontos no claustro.

Xullo 9. Xornadas *Antropoloxías do Camiño. Camiños da antropoloxía*. Xornadas organizadas pola profesora da USC Elena Freire dentro do programa O teu Xacobeo e coa presenza de antropólogos e antropólogas de diferentes institucións, como da UNED con Jorge Moreno e Beatriz Pérez Galán, CSIC con Pedro Tomé Martín ou da Pablo de Olavide con Agustín Coca.

Xullo 10. Presentación do 15º Encontro de embarcacións tradicionais polas entidades organizadoras, o concello de Moaña coa súa alcaldesa e a concelleira María Ortega, que é tamén deputada provincial; Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial Culturmar e a Asociación Cultural Recreativa Sueste, así como a Conselleira do Mar, Rosa Quintana, e a Fundación Pública Artesanía de Galicia.

Xullo 12. Roda de prensa da Fundación Rosalía para presentar a actividade Rosalía en Camiño, encontro de poetas ibéricos e que visitarán o Museo o venres 16. Anxo Angueira, Chus Pato e Cecilia Pereira, comisaria do Xacobeo.

Xullo 14. Charla de Eduardo Cruz organizada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Xullo 15. Presentación do libro *A mensaxe entre as sombras. Obra poética de Isaac Díaz Pardo*.

Xullo 16. Rosalía en Camiño. Recital poético e concerto organizado pola Fundación Rosalía no claustro. Poetas de Galicia, Portugal, Cataluña, Euskadi e Asturias, neste caso é Berta Piñán, Consejera de Cultura do Principado de Asturias.

Xullo 17. Presentación do Mapa Histórico de Galicia.

Xullo 27. Xuntanza da Asociación do traxe.

Agosto 25. *De lugares e órganos*. Conferencia no coro da igrexa de Bonaval.

Agosto 28 e 29. Asemblea de AGAL.

Setembro 7. Asemblea da Asociación de Gaiteiros Galegos.

Presentación do número 5 da revista *Follas Novas* da Casa Rosalía, coa presenza de Mercedes Rosón, Anxo Angueira e Xosé L. Axeitos.

Setembro 8. Acto da empresa Arenaria, xornada sobre o mundo do mar.

Setembro 15. Visita dun grupo da Fundación Uxío Novoneyra.

Setembro 16. Acollemos. Charla organizada polo COAG.

Setembro 19. Fotografía na escaleira do fotógrafo italiano Silvio Zangarini.

Setembro 20. Gravación de entrevista a Armando Requeixo e Rexina Vega para un documental sobre Álvaro Cunqueiro.

Setembro 21. Acollemos. Charla de Elena Ferro organizada por Ecobas da Uvigo.

Setembro 25. Acollemos. Asemblea da Asociación Galega de Artesáns.

Setembro 30. Acollemos. Seminario Internacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Actividade promovida polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Outubro 1. A editorial el Patito editorial realiza unha actividade de debuxo polas salas do Museo.

Outubro 7. Presentación do libro *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858)* da Secretaría de Política Lingüística.

Outubro 7. Gravación no claustro de Xosé Bocixa ao dramaturgo Alfonso Becerra para un documental da AELG.

Outubro 14. Acollemos. Foro de Deseño organizado pola Asociación DAG e o Encontro Nacional de Asociacións de Deseño.

Outubro 21. Acollemos. Acto de clausura do proxecto Relevo2020, Proposta formativa para a capacitación de mozos e mozas en busca de relevo xeracional no sector pesqueiro. Co apoio da Consellería do Mar. Organizado por Arenaria.

Outubro 22, 23 e 24. Celebración do festival Soa Bonaval na igrexa e na Ala Sur.

Outubro 30. Acolle. Xuntanza da SGHN.

Novembro 2. Acolle. Presentación da novela *Museu da Revolución*, do escritor mozambicano Joao Paulo Borges Coelho, acompañado polo decano da Filoloxía e o editor de Caminho, Zeferino Coelho.

Novembro 4. Acolle. *Xornadas As cooperativas, motor dunha recuperación máis social, sostible e participativa*, organizada polas entidades espazo coop e agaca, esta socia protectora do MPG.

Novembro 9. Gravación dunha entrevista e de pezas relacionadas co viño para un documental con motivo da tradución ao español da obra de Alain Huetz de Lempes, *Vignobles et vins d'Espagne* pola fundación Cultura líquida.

Novembro 10. Acolle. Fundación GalizaSempre, charla da autora mexicana Karina Ochoa.

Novembro 10 e 11. Cántame un conto, curso para profesorado organizado pola Fundación Antonio Fraguas.

Novembro 13. Acolle. Asemblea Xeral da Rede Europea pola Igualdade das Linguas.

Novembro 16. Acolle. Xuntanza da Asociación de Gaiteros.

Novembro 17. Inauguración da exposición *Lección gitana* e visita da Fundación Secretariado Gitano ao Museo.

Novembro 19 e 20. Xornadas *Blasfemia e censura*, organizada por Unitaria.

Novembro 26. Gravación dun video musical no claustro por Mirlo Branco.

Novembro 29. Gravación nas salas do mar e do campo de videovoz para un programa de tv.

Decembro 1. Inauguración da exposición *Galiza: un pobo, unha selección* na ala sur, con Xurxo Couto deputado provincial de cultura.

Decembro 10. Xuntanza de Proxecta, coordinadora de festivais de cinema.

Presentación do libro *O Pazo de Fefiñáns. Historia e arte*, da socia Maribel Iglesias editado por Amigos de Fefiñáns.

Decembro 17. No Panteón: entrevista ao crítico literario Armando Requeixo para o programa *5 vilas. Vilas literarias de Galicia* da rtvg a cargo da produtora bolanda.

Ano 2022

Xaneiro 5. Acto de recepción dos Reis Magos na igrexa de Bonaval. O público saía polo Museo, polo que estivo aberto toda a tarde.

Xaneiro 7. Ofrenda da Fundación Castelao no Panteón.

Xaneiro 18. Xuntanza no auditorio do xurado do premio Lueiro Rey de poesía convocado polo Concello de Fornelo de Montes.

Xaneiro 22. Auditorio. Acto da fundación Galiza Sempre con Elisa Loncón, presidenta saínte da Convención Constitucional de Chile

Febreiro 1. Visita da vicepresidenta da Deputación de Lugo, Maite Ferreiro.

Febreiro 2.-Visita guiada a un grupo de 30 socios ás novas salas.

Febreiro 9. Presentación de *Unha etapa estelar e conflictiva do reino de Galiza* de Francisco Rodríguez, organizada pola AS-PG e O Galo.

Febreiro 17. Entrevista a Margarita Ledo pola produtora Miramemira.

Febreiro 19. Ofrenda floral a Rosalía da AELG.

Concerto no auditorio como remate do roteiro rosaliano organizado polo Concello e O Galo.

Febreiro 23. Presentación do libro *Castelao construtor da nación*, de Miguel Anxo Seixas por parte do Consorcio de Santiago e da editorial Galaxia. Presidente do Padroado, Alcalde da cidade, xerenta do Consorcio e o autor.

Marzo 5. Asemblea da Asociación Galega de Artesanía.

Marzo 12. Asemblea da SGHN.

Marzo 15. Asemblea da Asociación de Construtores de Instrumentos Musicais (Labra). Presentación do libro *Emilia Pardo Bazán e Galicia*, de X. M^a Paz Gago, da editorial Hércules, coa presenza do Conselleiro de Cultura e o Presidente do Parlamento.

Marzo 16. Conferencia do patrón X.M: González Reboredo sobre as festas de mouros e cristiáns. Organiza a AC O Galo.

Marzo 17. Gravación ao patrón González Reboredo para un documental sobre os Xenerais do Ulla.

Marzo 26. Asemblea da AELG.

Marzo 27. Asemblea da Asociación de Baile e Música de Tradición Galega.

Marzo 28-2 abril. 17 MICE.

Abril 2. Pregón de Semana Santa na igrexa.

Abril 6. Gravación dunha entrevista ao patrón X. M. González Reboredo para un documental sobre a sega a Castela.

Auditorio. Conferencia organizada polo COAG.

Abril 9. Concerto da Banda Municipal e do coro A Nosa Galicia. Cedemos o auditorio para que se cambiara a xente do coro.

Abril 13. Claustro e escaleira. Gravación dunha entrevista a Ramón Villares para a Fundación Francisco Manuel dos Santos de Lisboa.

Coro. Charla de Andrés Díaz e Fernando Buíde sobre o organista frei Bartolomé de Olagüe, dentro do ciclo de Lugares e órganos organizado polo Concello de Santiago de Compostela.

Abril 25. Gravación da TVG par ao programa Vivir aquí a un rapaz alemán que aprendeu galego coa tvg.

Abril 30. Igrexa. Concerto de Mans Unidas.

Maió 4. Charla do arquitecto José Salgado Cortizas organizada polo COAG.

Maió 5. Charla do Presidente do Padroado Justo Beramendi sobre o provincialismo organizada pola AC O Galo.

Maió 6. Igrexa. Acto da empresa FINSA que utilizan o claustro para un viño.